

DÚATLON ESCOLAR CONCELLO DE NARÓN PROBA PREBENXAMÍN NON COMPETITIVA

REGULAMENTO

Organiza:

Concello de Narón
AD Náutico de Narón
Persoa de contacto: Amando Guerrero Gil
Teléfono: 622 294 202 Email: nauticonaron@gmail.com
Federación Galega de Triatlón e P.M.

Colabora:

Concello de Narón
Secretaría Xeral para o Deporte

Localización:

Narón

Datos da Proba

Proba de promoción NON COMPETITIVA para deportistas con licenza FEGATRI da categoría prebenxamín.

Recollida de dorsais:

A través do Técnico/Delegado do Club.
Na carpa de organización nas inmediacións da transición dende 45' antes do comezo da proba ata 20' antes de cada saída.

Datas e horarios das carreiras:

Domingo, 27 de abril de 2025 a partir das 13:30 h.

**	CARREIRA 1	BICICLETA	CARREIRA 2	CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA
PREBENXAMIN (2018, 2019, 2020, 2021)	200m	500m	100m	13:25	13:30

** Horario aproximado. Poderá sufrir modificacións en función da inscrición nas probas escolares. Esta variación publicaráse o mércores 23 de abril

Inscricións:

Ata o martes 22 de abril de 2025, ás 14:00 h.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións/Inscricións](#)

Deportistas con licenza de tempada

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/Inscripcións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código de club e contrasinal.

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o número de DNI e cubrir os datos solicitados polo formulario.

Deportistas sin licencia de triatlón en vigor (Trámite Licencia Temporal de 1 día- 6,00€)

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/Inscripcións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducíranse os datos requiridos. *Para validar a inscrición é imprescindible enviar copia do DNI en vigor do/a menor e formulario de autorización de protección de datos que deberá subir a través da plataforma co DNI de quen autoriza a mesma* <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>

Custe do Trámite de licenza temporal de 1 día = 6 € que se aboarán con tarxeta bancaria por TPV

Baixas e política de cancelación

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición para que non sexan penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de Listaxes de Inscrición

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Normas de Competición

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes da Federación Galega de Triatlón, Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control. Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici/casco) e o casco posto e abrochado.

Saída

Cinco minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída .

Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta onde se lles entregará o avituallamento, continuarán o camiño para saír da zona de

post-meta e irán recoller a bicicleta para abandonar a zona e facilitar a entrada do resto de categorías.

Premios

Deportistas que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo

CONSIDERACIÓN

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización, así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición. As persoas acompañantes non poderán ocupar a zona dos circuitos.

